



## ROGO SOBRE OS LABORES DE REPINTADO E COLOCACIÓN DE PLACAS CO NOME DAS RÚAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de un ano (concretamente no Pleno de febreiro de 2016) presentouse ante o Pleno un rogo para que o Goberno se deran as instrucións precisas para que se revisasen e, onde procedera, se mellorasen as condicións das placas que conteñen os nomes das rúas, de forma especial as de pedra da zona histórica, remarcando os trazos para a súa mellor visibilidade.

Daquela, na nosa iniciativa viña motivada pola comprobación de varios casos concretos, entre eles o da Rúa das Rodas, de Caramoniña ou de Valle Inclán, cuxas placas apenas permitían distinguir os seus nomes.

A resposta do representante do Goberno foi que “o contrato de mantemento rematou a finais de 2015, cando se faga a concesión dos novos contratos de mantemento, renovárase cun valor coidado e protección (sic) dos elementos patrimoniais, no cal quedará incluído o coidado e rotulación das placas de nomenclatura das rúas.”

Posteriormente, no Pleno de maio de 2016, presentouse un novo rogo para a colocación de placas identificativas nas rúas Amor Ruibal e Laxeiro e o representante do Goberno sinalou que se colocarían, posto que xa había contrato para a sinalización.

Transcorrido un ano desde a presentación daquelas iniciativas ningunha das placas citadas en ambos rogos mereceron a atención do Goberno e seguen a estar hoxe nas mesmas condicións, razón pola que nos vemos na obriga de lembrar e reiterar o noso Rogo:

***Que por parte do Goberno Municipal se dean, á maior brevidade posible, as instrucións precisas para que se revisen e, onde proceda, se repoñan e melloren as placas que conteñen os nomes das rúas, de forma especial as de pedra da zona histórica, remarcando os trazos para a súa mellor visibilidade.***

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017.

María Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Municipal Popular